

GUÍA DOCENTE DE **COMPOSICIÓN E INSTRUMENTACIÓN APLICADA I e II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: COMPOSICIÓN E INSTRUMENTACIÓN APLICADA I e II										
ESPECIALIDADE	Pedagogía							ITINERARIO		Xeral e da Linguaxe Musical
CARÁCTER	Obrigatoria específica							TIPO DE CLASE		Colectiva
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	2h.
ECTS/CUAD.							3	3	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Coñecemento das técnicas básicas compositivas, instrumentais e sistemas de notación. Coñecemento e asimilación dunha ampla gama de recursos creativos a través do traballo en distintos contextos artísticos con formacións vocais e instrumentais diversas. Desenvolvemento do pensamento creativo a través do coñecemento e a práctica de diferentes técnicas e linguaxes e a súa aplicación con fins didácticos ao linguaxe musical.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os correspondentes ao nivel profesional das materias: Harmonía, Novas Tecnoloxías aplicadas á música, Repentización e Acompañamento, Análise e Piano
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	Esta disciplina está relacionada con Improvisación e acompañamento pianístico aplicado á pedagogía.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T8, T13, T14, T17
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X13, X15, X23, X24
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EP3, EP4
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Coñecer os diferentes elementos e procedementos construtivos tradicionais.	T1,T2,T8,X1,X13,X15,E3
2. Construír de forma axeitada acompañamentos pianísticos para exercicios de linguaxe musical e interpretar os mesmos no teclado, así como diversos tipos de estruturas harmónicas e formais.	T8,T13,X2,X15,E3,E4
3. Compoñer pezas tanto vocais coma instrumentais e poder aplicar as mesmas a didáctica do linguaxe musical.	T1,T14,T17,X15,X24,E3,E4
4. Obter coñecementos básicos das posibilidades técnicas e os recursos tímbricos dos diferentes instrumentos e aplicarlos en composicións e instrumentacións.	T1,T13,T17,X5,X23,X24,E4

**4. CONTIDOS**

1. A estrutura da melodía.
2. A harmonía tonal na práctica común.
3. A harmonía despois da práctica común.
4. Composición de exercicios e pezas
5. Instrumentación de pezas.

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición maxistral	Presencial	Durante o cuadrimestre
Exposición práctico-teórica	Presencial	Durante o cuadrimestre
Corrección de obras e exercicios	Presencial	Durante o cuadrimestre
Planificación das composicións	Presencial	Durante o cuadrimestre
Realización de exercicios e composición de obras	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Comentarios e audición de obras	Presencial e non presencial	Durante o cuadrimestre
Actividades complementarias	Non presencial	Esporádica
Titorías: individuais e de grupo	Non presencial	Durante o cuadrimestre
Actividades de avaliación: probas e revisión de probas	Presencial e non presencial	Durante o cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre: ordinaria e extraordinaria, que consistirán no seguinte:

- A avaliación ordinaria terá en conta a asistencia dos alumno/as ademais dos exames, traballos, exposicións e participación nas actividades complementarias que se consideren adecuadas. Se o alumno/a perdera a avaliación continua por faltas de asistencia (serán determinadas pola CCP de cada centro), realizará a avaliación alternativa na que substituirase o porcentaxe da asistencia por un exame ou traballo complementario. A avaliación ordinaria terá lugar no mes de xaneiro.

- A avaliación extraordinaria se contempla para os alumno/as que no aprobaran a avaliación ordinaria e se realizará no mes de xullo. Os alumno/as terá que realizar un exame ou traballo complementario.

Tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria será imprescindible sacar unha nota mínima de 5 en cada un dos apartados.